



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

ACTA

Nº 62 Ano 2019.

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúnese o Comité de Seguridade e Saúde Intercentros, na salón 2 do Edificio Administrativo de San Caetano, sendo as 12:00 horas do día 2 de outubro de 2024, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

ASISTENTES:

REPRESENTANTES DA EMPRESA:

<u>Nome</u>	<u>Posto</u>	<u>Teléfono</u>
Ana Otero Ferreiro	S.X. Presidencia	4.42.85
Laura Suarez Fernandez	D.X. Avaliación e Reforma	4.54.67
Carlos Gomez Martinez	S.X. Emprego	4.47.71

REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES

<u>Nome</u>	<u>Organización Sindical</u>	<u>Teléfono</u>
Jose Manuel Suarez Lago	CSI-F	881-542-850
Eduardo Freire Pousa	CC.OO.	660-040-056
Florinda de la Fuente Moure	UGT	607-629-732
Aser Lidia Tobío Martinez	CIG	620-412-818

Asisten así mesmo Pablo Diaz Vázquez, polo Servizo de Prevención, e Jose Acuña Vilas, por Cualtis.

1.- Presentación da xuntanza extraordinaria.

A Vicecesecretaria Xeral da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Vanessa Cal Ríos, da a benvinda as persoas asistentes, os cales seguidamente proceden a identificar a súa orixe, estando presentes na reunión ademais dos compoñentes do Comité Intercentros, os seguintes Presidentes de Comités de Seguridade e Saúde Laboral, encadrados neste Intercentros:

Lourdes Castedo, Cte. Seguridade C^a Economía
Jose Antonio Dominguez, Cte. Seguridade C^a Infraestruturas
Luis Rio Mosquera, Cte. Seguridade C^a Facenda
Angel Romero Baleirón, Cte. Seguridade C^a Medio Rural
Fernando Veiga Aguiar, Cte. Seguridade Persoal Extinción Incendios

Francisco Javier Vázquez Nodal, Comité edificio Lugo
Julio Sanmartín, Cte. Edificio Admtvo. Ferrol
Patricia Rodríguez, Cte. Edificio Admtvo. A Coruña
Marcos Barreiro, Cte. Edificio Admtvo. Pontevedra

2º Exposición e debate, sobre os últimos 5 anos da participación en materia de prevención de riscos laborais.

O Secretario do Comité fai unha presentación que recolle os datos mais significativos da prevención de riscos laborais, realizada nos últimos cinco anos (2019/2023) no ámbito de Función Pública e Admón. de Xustiza da Xunta de Galicia. As pantallas reflicten un aumento dun 1% da sinistralidade laboral con respecto os cinco anos anteriores (2014/2018) e unha redución nas seguintes actuacións:

- 20% no número de centros de traballo avaliados.
- 7% no número de recoñecementos médicos voluntarios realizados.
- 9% no número de solicitudes de adaptación do posto xestionadas.
- 21% no número de solicitudes da prestación por risco no embarazo/lactación.

E tamén un aumento significativo dun 40% no número de reunións celebradas polos diferentes Comités de Seguridade.

No transcurso da exposición fanse varias intervencións sobre os datos presentados.

3.- Informe coas conclusións obtidas e clausura da xuntanza.

Conclúese que a evolución da prevención de riscos laborais nestes últimos 20 anos foi notable, e que os recursos humanos para conseguir mellorar a sinistralidade laboral vanse adaptando as cambiantes necesidades existentes, con esforzo e imaxinación.

A Presidenta pecha a reunión, agradecendo a participación das persoas asistentes.

Levántase a sesión, sendo as 13:00 h de todo o cal eu como secretario certifico

Vº E PRACE A PRESIDENTA

ANA OTERO FERREIRO

O SECRETARIO

EDUARDO FREIRE POUSA